

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 13 DE XUÑO DE 2023

Ás 9:00 horas do día 13 de xuño de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 8 de xuño de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a persoas emprendedoras e PEMES (19881-77) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 7 de xuño de 2023, o 8 de xuño de 2023, concedeuse a AMPPLIO GESTIÓN EMPRESARIAL, S.L. un prazo de tres días para que emendase a documentación persoal.

Concretamente, dado que declaraba que concorría á licitación coa solvencia dun terceiro, MARIN CONSULTING, S.L.P, debía presentar o anexo III "DECLARACIÓN DE POSTA A DISPOSICIÓN DE MEDIOS POR UN TERCEIRO" do PCAP asinado polo representante con poder de representación do citado terceiro.

Así mesmo, debía presentar novamente o DEUC, tanto do licitador como do terceiro, asinado polas persoas con poder de representación de cada unha das empresas, ao non constar declarado que cumpren con todos os criterios de selección esixidos neste procedemento. Neste caso, deberán declarar a súa solvencia na parte IV do DEUC, detallando tanto a solvencia económica como a técnica nos apartados "B: Solvencia económica e financeira" e "C: Capacidade técnica e profesional", respectivamente, en lugar de responder á pregunta "a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:21	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD4A-CHD749-442D81-VLKUZV-18G2YH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O licitador requirido presentou a documentación dentro do prazo concedido e logo da cualificación da mesma, a Mesa acorda, por unanimidade admitir neste procedemento a AMPPLIO GESTIÓN EMPRESARIAL, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

4- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a persoas emprendedoras e PEMES (19881-77)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de Vigozoo (11758-612)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo director de Réxime Interior de VigoZoo o 7 de xuño de 2023 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" e do informe que corrixe o anterior a causa dun erro de cálculo aritmético de data 12 de xuño de 2023 asinado, asemade, polo director de Réxime Interior de VigoZoo.

Este último informe é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa e publicado, acto seguido, no perfil do contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de Vigozoo (11758-612)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" do licitador admitido co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:21	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD4A-CHD749-442D81-VLKUZV-18G2YH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Redución do prezo ofertado	Incremento do horario anual
1	SASEGUR S.L.	180.846,74 €	150 horas

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste como público á apertura:

1. D. Pedro Antonio Cordón Casais, en nome e representación da Empresa SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A.
2. D. Pedro Jesús Capote Conejos, en representación de SASEGUR, S.L.

En aplicación dos criterios recollidos na cláusula 18.1.b) do PCAP, conséntase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3:

	Licitador	Redución do prezo ofertado	Incremento do horario anual
1	SASEGUR, S.L.	48 puntos	12 puntos

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (40,00 puntos), a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	SASEGUR, S.L.	40,00	60,00	100,00

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de Vigozoo (11758-612)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de Vigozoo (11758-612) na seguinte orde descendente:

	Licitador
1	SASEGUR, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:21	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD4A-CHD749-442D81-VLKUZV-18G2YH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SASEGUR, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa "Vigo en festas" (9.660-335) (Lotes 1 e 2)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes 1 e 2 deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación comunica que con data do 1 de xuño notificouse aos licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes 1 (SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.) e 2 (FLUGE GALICIA, S.L.), a resolución de clasificación xunto co requirimento de documentación.

Dentro do prazo concedido, os días 12 e 13 de xuño, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. e os días 6, 7, 9, 12 y 13, FLUGE GALICIA, S.L., presentaron a documentación.

Realizada a revisión da documentación a Mesa constata con respecto á solvencia técnica presentada por SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U., que a mesma declara servizos prestados a este Concello, entre outros, no servizo xestor do presente procedemento. En vista do anterior, en base á cláusula 8.8.3º do PCAP e ao artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Mesa acorda por unanimidade solicitar informe sobre os devanditos servizos ao Servizo de Festas. Asemade, acorda por unanimidade, o seguinte en relación ao lote 2:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:21	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD4A-CHD749-442D81-VLKUZV-18G2YH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa "Vigo en festas" (9.660-335) (lote 1)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de maio de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos e espectáculos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa "Vigo en Festas".

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 18 de abril de 2023 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 4 de maio de 2023 redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 817.390,98 euros, sendo o valor estimado do contrato de 675.529,74 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 "FESTAS DE VIGO" do programa orzamentario de Festas , sendo a distribución por anualidades de (con IVE) é a seguinte:

- 2023: 669.839,38 euros
- 2024: 147.551,60 euros

Detalle por lotes:

*Lote 1: Ano 2023: 134.102,58 € (80% tipoloxía I + 100% tipoloxía II)
Ano 2024: 145.095,30 € (20% tipoloxía I + 100% tipoloxía III)*

Lote 2: Ano 2023 - 488.862,46 €

Lote 3: Ano 2023 - 34.241,94 €

*Lote 4: Ano 2023: 12.632,40 € (80% de tipoloxía I e 100% tipoloxía II)
Ano 2024: 2.456,30 € (20% de tipoloxía I e 100% tipoloxía III)*

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 1 de xuño de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 1 de xuño de 2023 dos seguintes licitadores:

- *SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 2): por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no PCAP*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:21	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD4A-CHD749-442D81-VLKUZV-18G2YH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- *FUNDACION GALICIA OBRA SOCIAL (lote 3): polo motivo previsto na cláusula 14.2B do PCAP ("A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC").*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 do procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa "Vigo en festas" (9.660-335) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 "Producción técnica soporte de actividades e espectáculos de pequeno formato en diferentes localizacións"

Orde	Licitador	Puntuación total
1º	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	86,00 puntos
2º	FLUGE GALICIA, S.L.	52,45 puntos

- Lote 2 "Producción técnica soporte de espectáculos no Auditorio de Castrelos"

	Licitador	Puntuación total
1	FLUGE GALICIA, S.L.	94,00 puntos

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (B-27.793.728) (lote 1) e FLUGE GALICIA, S.L. (B-87.037.883) (lote 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), agás a documentación acreditativa da habilitación profesional que xa foi presentada no Sobre A.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada, o día 1 de xuño de 2023, aos licitadores clasificados en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 1) e FLUGE GALICIA, S.L. (lote 2) que presentan a documentación, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 1) os días 12 e 13 de xuño de 2023 e FLUGE GALICIA, S.L. os días 6, 7, 9, 12 e 13 xuño de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de xuño de 2023 revisou a documentación presentada, e sendo correcta a relativa a FLUGE GALICIA, S.L. (lote



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:21	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD4A-CHD749-442D81-VLKUZV-18G2YH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2), acorda por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do lote 1 deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 1) e FLUGE GALICIA, S.L. (lote 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 1) e FLUGE GALICIA, S.L. (lote 2), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 29 de maio e 1 de xuño de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Adxudicar a FLUGE GALICIA, S.L. (B-87.037.883) o lote 2 "Producción técnica soporte de espectáculos no Auditorio de Castrelos" do procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa "Vigo en festas" (9.660-335) coas seguintes condicións:

a) O prezo máximo do lote é de 488.862,46 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 84.843,90 euros, cunha porcentaxe de desconto a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:21	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD4A-CHD749-442D81-VLKUZV-18G2YH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para o lote 2 do 4 %.

- b) *Propón a seguinte experiencia en traballos de produción de espectáculos ou eventos do persoal técnico que se indica deseguido, a maiores do mínimo esixido no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP:*
- *Coordinador/a de produción (mínimo 2 anos): 25 anos*
 - *Responsable de backstage (state manager) (mínimo 2 anos): 25 anos*
- c) *Propón un incremento do tamaño das 2 pantallas led esixidas na cláusula 6.2.1.7 do PPTP (mínimo 3x5=15m²) de 9 m².*
- d) *Comprométese a achegar unha cámara negra composta de 10 patas de 3x9m e telón traseiro de 16x9m de tela de moltón de 300 gramos ignífuga (clasificación de resistencia ao lume mínima A2, s3, d1 segundo UNE-EN 13501-1 ou equivalente) para todos os espectáculos.*
- e) *Propón un incremento do número mínimo de horas de vixilantes uniformados esixido na cláusula 6.2.2.2.6 do PPTP para a realización de tarefas de vixilancia nos 6 eventos da tipoloxía IV (mínimo 4 horas de cada un dos 3 postos de vixilante) de 1 hora.*
- f) *Comprométese a achegar unha cabina sanitaria química portátil ecolóxica para usuarios de mobilidade reducida a maiores do mínimo esixido na cláusula 6.2.1.5 do PPTP (mínimo 2).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:45, logo dun receso entre as 10:00 e as 13:40 horas horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:21	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD4A-CHD749-442D81-VLKUZV-18G2YH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		